

## A recuperación da memoria persoal e dun tempo: *Non hai noite tan longa* e *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz

Eulalia Agrelo Costas

[Recibido, 31 marzo 2016; aceptado, 2 maio 2016]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3329>

**RESUMO** Achega ás novelas *Non hai noite tan longa* e *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz. Abórdanse as concomitancias temáticas e compositivas, así como os aspectos que singularizan estas dúas visitas narrativas ao pasado recente da historia de España con fins memorialísticos e dignificadores.

**PALABRAS CHAVE:** Agustín Fernández Paz; memoria; ditadura franquista.

**ABSTRACT** An approach to the novels *Non hai noite tan longa* and *A viaxe de Gagarin*, by Agustín Fernández Paz. It deals with the thematic and structural similarities, as well as with the aspects that single out these two narrative journeys to the recent past of Spanish history, with commemorating and dignifying goals.

**KEYWORDS:** Agustín Fernández Paz; memory; Franco's dictatorship.

15

A produción literaria de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) dirixida, en primeira instancia, ao lectorado adulto concrétese nas novelas publicadas na colección “Narrativa” de Edicións Xerais de Galicia: *Non hai noite tan longa* (2011)<sup>1</sup> e *A viaxe de Gagarin* (2014)<sup>2</sup>. Dúas novelas que, xunto ao ensaio

<sup>1</sup> Premio Redelibros ao mellor libro de ficción do 2011; Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro de narrativa de 2011; Premio Irmandade do Libro ao mellor libro galego do ano 2011, da Federación de Libreiros de Galicia; Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción do ano 2011, da Asociación Galega de Editores (AGE) e Premio Losada Diéguez na modalidade de creación literaria do ano 2012, da Fundación homónima.

<sup>2</sup> Premio de Narrativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) ao mellor libro publicado no 2014; Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro de narrativa de 2014; Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción do ano 2014, da AGE e Premio da Crítica Galicia 2015 na modalidade de creación literaria.

enmarcábel dentro da “literatura do eu”, *O rastro que deixamos* (2012), teñen moito de memorialístico por recrearen os acontecementos políticos, sociais e culturais do pasado opresor da ditadura franquista coa finalidade de reconstruír a memoria do “eu”, pero tamén a dos seus coetáneos.

Este regreso cara ao pasado xa o iniciara o mestre vilalbés nas tres narrativas xuvenís do “ciclo das sombras” ou “triloxía da memoria”, que acollen o relato “As sombras do faro”, de *Tres pasos polo misterio* (2004), e as novelas *Noite de voraces sombras* (2002) e *Corredores de sombra* (2006). Nestes textos a guerra civil española é recordada para abordar os seus dramas e consecuencias co obxectivo de desmitificar as “verdades” impostas pola cultura dominante e restituírlles a dignidade a aqueles que viron tronzadas as súas vidas por cuestións ideolóxicas. Na opinión do autor só así se pode retirar o manto de silencio que ocultou este tráxico episodio aos membros da súa xeración e que mesmo se estende ata a actualidade cunhas novas xeracións desinformadas (Agrelo 2014: 35-52).

16

Alentado por ese afán reparador, rescatou o tempo da infancia e adolescencia dos homes e mulleres da súa xeración nas obras *Non hai noite tan longa* e *A viaxe de Gagarin*, cuxas historias comparten elementos vinculados coa temática, os personaxes, os intertextos... non só por xurdiren dun idéntico impulso creativo e situárense nun universo diexético común, senón tamén polo feito de toda a escrita do autor vilalbés integrar un proxecto literario anoado por múltiples cabos. A estas dúas novelas aproximámonos a seguir.

Un día calquera de 2006, a imaxe dun espectro que se dirixía ao fillo para dicirlle “Moito tardaches” asaltou o escritor vilalbés. Esa “idea potente” obsesionouno, polo que, no mes de decembro do ano seguinte, estreaba un caderno en Biarritz, no que, dun relampo, cubría parte das súas páxinas amarelas coa historia “Fantasmas”. Nela recreaba a viaxe física e emocional dun fillo que retornaba ao lugar de nacemento para reparar a honorabilidade lapidada nos anos do franquismo. A primeira versión publicouna como “Memoria do regreso” no volume colectivo *O valor da xenerosidade* (2009), aínda que, imbuído nun proceso de reescrita da súa obra, optou polo mecanismo da intratextualidade (Genette 1982) e deulle maior prolongación textual.

O resultado foi unha novela negra, na que o sentimento de culpa persoal e o estigma familiar teñen como pano de fondo un contexto ben miserento, que o autor entreteceu a partir das experiencias da xente da súa xeración, de obras

históricas ou sociolóxicas, de materiais da rede, das conversas sobre aspectos relevantes da historia e do asesoramento relativo a cuestións procesuais. Todo un despregue de fontes das que incluíu só unha parte nos “Agradecementos”, porque como indicou prefere a técnica dos escritores anglosaxóns de escoller unhas poucas referencias (Dopico 2011: 29).

No tocante aos paratextos, sobresa a expresividade do título e da ilustración de cuberta anunciadores dos sentimentos encontrados que suscita o binomio pesadume-esperanza latexante nesta historia. Así o título de *Non hai noite tan longa* recórdanos unha das obras máis simbólicas da literatura galega sobre a mesma etapa opresiva, *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, ademais das palabras animosas dunha das traxedias máis universais, *Macbeth* (1623), de William Shakespeare, que se reproducen ao inicio: “Reunide todo o ánimo que poidades. Que non hai noite tan longa que non remate en día”. Unha cita que se acompaña doutras que avanza as conclusións finais ás que chega o personaxe de Gabriel Lamas con respecto ao vivido –“O pasado é un país estranxeiro: alí as cousas fanse doutro xeito”, tomada de *O mensaxeiro* (*The Go-Between*, 1953), de L. P. Hartley– e ao carácter imperecedeiro das lembranzas –“¿Quién dice que se olvida? No hay olvido”, extraída de *Las nubes* (1943), de Luis Cernuda. A este grao de comprensión chega Gabriel tras adoptar unha actitude díscola ante o establecido, que se emparenta con aquela outra retratada na imaxe de cuberta dunha Rosa Parks que, en 1955, se negara a cederlle o asento a un home branco nun acto de rebeldía contra a lexislación racial vixente en Montgomery. Con este acto de dignidade individual estaba contribuíndo ao asentamento do Movemento polos Dereitos Civís nos Estados Unidos de América, como tamén fará o fillo dos Mourelo en relación á memoria danada do pai.

*Non hai noite tan longa* está enfocada dende o visor emocional de Gabriel Lamas que, coa súa voz, engarza os diferentes elos da súa cadea narrativa. Ábrese a historia co apartado “Inicio”, no que Gabriel, moi afectado pola morte da nai e por vencer a resistencia a retornar “a este lugar que sinto tan alleo como aquela Comala perdida entre a poeira” (Fernández Paz 2011: 11), entra na desalmada casa da infancia e fica paralizado ante o abraio orixinado pola presenza do pai. Nun principio pódese intuír que se trata dunha representación fantasmagórica, mais a pericia co que todo está enfiado fai pensar que é froito do sentimento de culpa que sente o protagonista-narrador-investigador (Rodríguez Alonso 2011).

Esta aparición hamteliana da pantasma do pai esixindo xustiza ao fillo enlaza coa cita de apertura da “Primeira parte”, que se apoia nas palabras de *Hamlet* (1603), de Shakespeare, para acentuar a amentada imploración: “Escoita, Hamlet, escoita, se amaches unha vez o teu querido pai! Vinga o seu asasinato, torpe desnaturalizado! [...] Adeus, adeus, Hamlet: lémbtrate de min”. Son estas unhas palabras que concentran a esencia que desprenden os sete capítulos desta parte inicial, na que Gabriel, a través dunha analepse, se sitúa no intre en que recibe a noticia da morte da nai e regresa a Monteverde, onde o pai se vira involucrado na violación da filla dun home do Réxime e a familia fora condenada a un ferinte desprezo. Un lugar que Fernández Paz deseñou cos fíos da vida, porque Monteverde configurouse “con retallos, tanto de Vilalba como doutros lugares que coñezo ou que coñecen amigos meus e que poden ser un paradigma de calquera vila galega ou española” (Paz González 2011: 9).

Este punto xeográfico literaturizado é unha especie de Comala<sup>3</sup>, na que os oprobios do pasado marcaron profundamente algúns dos seus habitantes ata o presente, pois no máis fondo do ser de Gabriel nunca deixara de buligar o odio cara á sociedade hipócrita, servil e clasista de Monteverde. Como fixera Ulises, Gabriel regresa á terra e afronta o duro reencontro co pasado, a través das conversas coa irmá Elsa e a sobriña Milena, e a apertura dunha caixa azul con fotos, cartas, postais e documentos relativos ao proceso condenatorio do pai deixados tras de si, ao fuxir da presión social cara a Francia en outubro de 1970.

A cita bíblica do Antigo Testamento, que lle serve de pórtico á “Segunda parte” (capítulos VIII-XXII) –“Todo ten a súa hora, e hai un tempo fixado para cada asunto baixo os ceos”, de *Eclesiastés*, 3, 1-2–, tamén contén un intenso carácter anticipatorio. É nese elo da ficción, onde Gabriel se enfrenta á restauración da memoria familiar e comeza a actuar como Charlie Parker, o protagonista da novela que lía naquela altura, *Tout ce qui meurt* (2001), de John Connolly, ao que o unen turbadoras coincidencias, debido a que a ese detective se lle mostraban familiares mortos e vivía desasosegado polo peso dunha culpa. Comeza a tirar polos fíos da investigación e chega a diferentes puntos da xeografía galega na procura de información, documentación e voces reveladoras, que lle permitan esclarecer os aciagos sucesos que deron co

---

<sup>3</sup> Espazo narrativo da novela *Pedro Páramo* (1955), que Juan Rulfo recreou a partir de moitos pobos mexicanos que eran abandonados.

pai na cadea e desembocaron na súa morte prematura. Estas inquietantes e tensas pescudas, que sinalan como máximo sospeitoso un home próximo ao Réxime franquista, contrastan co remanso dos momentos nos que Gabriel conversa coa irmá Elsa e coa sobriña Milena, así como co fogoso reencontro cun amor de xuventude, Milucha.

O acto heroico do regreso a Ítaca-Monteverde consúmase na “Terceira parte” (capítulos XXIII-XXVII) introducida por unhas liñas carraxentas de *A Odisea*, de Homero, premonitorias do que está por chegar: “Cans doentes, que xa vos figurabades que eu nunca habería de regresar da terra de Troia e estabades por iso devorando a miña casa [...] Agora xa prisioneiros a todos vos ten a morte non seus lazos”. Estas advertencias cúmprense coa visita de Gabriel ao cachorro franquista do Sindicato Español Universitario (SEU), Alfonso de Castro, culpábel do acoso e violación a diferentes mulleres, pero que sempre quedara indemne, mentres acusaban os homes de ideas contrarias á Ditadura para evidenciar que os roxos, os anarquistas e os comunistas tamén eran violadores. Gabriel desenmascáralo e escribe todo para difundir a verdade. É momento de regresar a París e de continuar a súa vida ao pé da familia francesa, mais antes mantén unha conversa coa sobriña, unha moza espelida, gran lectora e depositaria dunha historia que masacrara a súa familia. Neles están os dous puntos de fuga do labirinto do poder, pois a pericia do protagonista supón a “reparación”, mentres que o futuro da sobriña, a “superación” (Martínez 2012: 10).

Este periplo pola historia dos Mourelo e dun país péchase no “Final” coa visita á casa primeira, na que o pai agarda a Gabriel, quen lle comunica a reparación da ofensa coa expulsión da miseria acumulada durante tanto tempo sobre el e sobre o conxunto da familia. O pai esvaécese e o fillo queda liberado. Como unha figura perfecta, o círculo narrativo desta novela de corte policial péchase no mesmo punto no que comezaba:

Había só un mes, na miña primeira visita, lembrara a Comala poeirenta de *Pedro Páramo*, dominárame a certeza de que toda aquela xente non eran máis que fantasmas. Mais agora comprendía que fora unha ollada inxusta. Se cadra, o único fantasma era eu, condenado a permanecer por sempre alleo á vida que bulía nos fogares de Monteverde (Fernández Paz 2011: 260).

A viaxe introspectiva de Gabriel, que tamén se somerxe na intrahistoria dun pobo e na historia dun Estado, remata no mesmo punto do inicio,

pero nel prodúcese unha catarse, que lle fai conceder unha maior indulxencia aos feitos pretéritos. Agora Gabriel tamén recoñece que houbo quen actuou vilmente por mor do contexto e sabe que mesmo houbo quen ofreceu resistencia:

Xa que logo, a partir desta intriga policial, de xinea sueca, Fernández Paz dános perfectamente o clima moral e cívico, abafante, represor dos derradeiros anos do franquismo. Pero, non hai unha visión negativa da sociedade do franquismo. Foron moitos sobre todo os *consentidores* do franquismo (por medo e por proveito, como ben analizou Ana Cabana Iglesias no seu *Xente de orde...*, citado polo novelista), pero tamén houbo os que mantiveron a dignidade como o avogado Félix Barral, o pai do narrador e moitas mulleres, comezando pola nai do protagonista ou a avoa (Rodríguez Alonso 2011).

Toda esta maraña de fíos argumentais son ganduxados polo autor con suma pericia, a través dunha correcta estruturación e unha traballada progresión narrativa, na que sobresaie o manexo dos recursos da intriga, que incitan o lector a formar parte da investigación e a sentir empatía pola causa do protagonista. Sen minguar o sinalado, a maxistralidade de Fernández Paz materialízase sobre todo na recreación dos anos sesenta e setenta do franquismo, que pasou polo filtro da crítica.

Neste enfoque acedo ten insistido o autor, quen comentou que non se atopaba cos ánimos suficientes para escribir un ensaio, mentres a novela lle outorgaba maior liberdade para abordar esa sensación que domina a súa xeración, por ter unha infancia e mocidade moi castradora, na que a represión se estendía sobre a vida cotiá (Dopico 2012). O alento emocional desa “Xeración do Medo” (Oliveira 2012) asfixiada por unha Ditadura, que acernou as liberdades e o acceso a unha cultura ata extremos paranoicos, deixouno moi marcado, de aí que se arrostrara a abordar “a narración dunha xeración onde os medos e teimas do franquismo enchían todo da súa baixeza moral, onde os rumores, as desconfianzas e as delacións entre amigos, convertían as vidas en vidas marcadas a ferro quente sobre a súa pel polos propios veciños” (Rozas 2011: 9).

Esta riola de reprochábeis comportamentos apuntóase e, en parte xustificácase, coas reiteradas alusións ao contexto político da España e da Europa da época, no que se sitúan o Proceso de Burgos de 1970, os mortos de Ferrol de 1972, os derradeiros fusilados do franquismo en 1975, a existencia do campo

de concentración de Mauthausen, as revoltas de París, Praga ou Berlín, a chegada de Neil Armstrong á Lúa etc. Malia deitarse unha ollada crítica sobre este pasado, o relato está entoado dende un presente ategado de alusións á actualidade, porque a instancia autorial tamén expón as mudanzas que operaron na sociedade e paisaxe galegas dos últimos anos, pero sen perder o referente dun pasado aínda punzante. Con esta viaxe iniciática ás raíces do protagonista confróntase, pois, un pasado, o do ano 1970, cheo de abatemento e ofensas, co presente do 2002, caracterizado pola culpa e incerteza (Faginas 2011: 13).

A trama desta narración con tinturas de novela negra tamén se enriquece cun amplo abano de acenos á obra de escritores galegos e foráneos (Xosé Luís Méndez Ferrín, Paul Auster etc.), a publicacións de diferente raigame (a revista *Triunfo*, “La familia Cebolleta” incluída en *Pulgarcito* etc), a pintores (Edward Hopper, Matisse etc.), ao cinema (*As pontes de Madison*, *Bonnie and Clyde* etc.) ou á música (The Beatles, Los Brincos etc.). Son todas elas mencións que ilustran as preferencias de Fernández Paz, que lle confiren unha maior profundidade á trama e funcionan como elementos caracterizadores dos personaxes. Entre eles, sobresa a súa sobriña Milena, que leva o nome da moza xudía da que estaba namorado Frank Kafka, moi admirado polos irmáns Mourelo. Unha moza madura, inquieta, afectada polos conflitos propios da súa idade e cunha extraordinaria capacidade lectora, que lle resta verosimilitude dada a súa idade (Requeixo 2011: VI). Gabriel confía nela como depositaria da historia da familia, polo que nas reflexivas conversas lle fornece lecturas que potencien unha actitude crítica.

Amais desta relación tío-sobriña constatábel noutras obras do “ciclo das sombras”, *Non hai noite tan longa* recolle elementos compositivos ensaiados por Fernández Paz en creacións previas: a colaxe textual (narración, cartas, xornais...), o relevante rol atribuído á figura da muller, as presenzaas fantasmagóricas, a exquisita configuración dos espazos ficcionais e o xeito de narrar limpo e áxil propio dunha mirada cinematográfica, que sostén na nova alancada a prol da recuperación da memoria manifesta en *A viaxe de Gagarin*.

Nesta ocasión o estímulo primeiro partiu das palabras da protagonista da película *La caja de música* (*Music Box*, 1989), de Constanti Costa-Gravas –“Ya es tarde para evitar lo que pasó, pero nunca es tarde para recordar lo que pasó”. Este novo axuste de contas da súa xeración cos tempos da represión franquista ábrese cun pórtico de citas que acolle fragmentos de *O palacio da*

*lúa* (*Moon Palace*, 1989), de Paul Auster<sup>4</sup>; *2046* (2004), de Wong Kar Wai<sup>5</sup>; e *Nun lugar solitario* (*In a Lonely Place*, 1950), de Nicholas Ray<sup>6</sup>. Unhas citas que acenan cara ao pasado e o amor, elementos chaves da narración, pero que non nos sitúan ante o contexto da trama, o que intensifica o factor de estrañamento xa manifesto no título e na imaxe de cuberta de Gagarin.

A semellanza de *Non hai noite tan longa*, a morte da nai, ser dador de vida, arrastra a Miguel Mendiguren cara a un inevitábel exercicio de introspección que o leva a desandar os pasos dados ata chegar ás orixes, ao principio do conflito emocional que, internamente, seguira palpitando en todas as etapas de crecemento. Como sinala no “Inicio”, aos seus sesenta anos, a idade de Fernández Paz cando lle faleceu a nai, acompaña a proxenitora nos derradeiros alentos e, emulando o protagonista moribundo de *La muerte de Artemio Cruz* (1962), de Carlos Fuentes, afronta a súa memoria de vida nese 12 de abril de 2011, cincuenta anos despois de que Iuri Gagarin orbitara ao redor da Terra<sup>7</sup>. Dende o arrepentimento de non ter falado máis con ela<sup>8</sup>, nos seguintes trinta e dous capítulos, sérvese do relato autodiexético para recoller as experiencias da nenez e da adolescencia coa finalidade de deixarlhas en herdo ao seu fillo para que non lamente as conversas inacabadas e os silencios.

22

Reaparecen as memorias dun tempo de ausencia de liberdades en España e tamén crucial no panorama mundial, marcado pola guerra do Vietnam e a invasión de Checoslovaquia, que corresponden coas do autor, quen sinala que “a vida dun escritor é coma un río subterráneo que corre por baixo de todo o que escribe” (Varela 2015: V). Todo este cruzamento dos carreiros da memoria ten como contrapunto os fitos espaciais encadrados entre a viaxe do cosmonauta ruso Iuri Gagarin e a chegada dos primeiros astronautas á Lúa polas razóns expostas por Fernández Paz:

---

<sup>4</sup> “Foi no verán en que o home pisou a lúa por vez primeira. Eu daquela era moi novo, mais non cría que houbera futuro. Quería vivir perigosamente, ir o máis lonxe que puidese e logo ver que me sucedía ao chegar alí. Tal e como saíron as cousas, case non o consigo” (Fernández Paz 2014).

<sup>5</sup> “El lembra aqueles anos coma se mirase a través dos vidros dunha fiestra cuberta de po. O pasado é algo que podemos lembrar mais non tocar, e todo o que se lembra é borroso e vago” (Fernández Paz 2014).

<sup>6</sup> “Nacín cando ela me bicou... Morrín cando me abandonou... Vivín unha semanas mentres ela me amou” (Fernández Paz 2014).

<sup>7</sup> Unha referencia histórica recollida tamén no colofón, no que se enuncian outras mostras da represión franquista.

<sup>8</sup> Un sentimento que tamén afectou a Fernández Paz, quen ten sentido non ter conversado máis con seu pai, que falecera só con cincuenta e seis anos (Vidal 2014).



Unha, nun momento dado decateime de que a conquista do espazo xusto collía os anos sesenta. De abril do 61, con Gagarin, até xullo do 69, con Armstrong, xusto están os anos sesenta. Antes houbo certas cousas, os *sputnik* e despois tamén coas viaxes á Lúa, pero os grandes fitos eran estes. [...] E despois, porque a min, cando vivín esas idades, interesoume moito a aventura espacial. [...] Coido que a do espazo era unha boa trama á que aferrarse, á que lle dar unha continuidade e outorgarlle un paralelismo (Ramos 2014).

A memoria é o único camiño que leva a Miguel a reconfortarse consigo mesmo, como lle acontecera a Gabriel Lamas, pois “Miguel terá que esconxurar os seus medos, evocándose a posteriori coa pretensión de redimirse, acudindo á memoria porque sen ela, afirma, ‘non somos ninguén’” (Nicolás 2014). Dende os anos da infancia, establece as relacións que configuran o seu tapiz familiar e recorda a chegada ao barrio de Falperra inserido nunha detallada e lograda recreación da cidade herculina da época, no que a nai rexenta a librería e o pai a imprenta de “Librería y Papelería Numen”. A aparencia externa desta familia non convence de todo a Miguel que, dende o ano 1962, ten a conciencia clara de que a familia garda perigosos secretos. As sucesivas etapas de crecemento, sempre marcadas polos cómics e os libros, algúns deles negados pola censura, acompañanse dunhas descubertas que acaban coa detención da nai e a fuxida do pai xunto ao amigo Euclides, quen escribía novelas populares co pseudónimo de Duncan McCarthy e, posteriormente, de Douglas Shadow como outros republicanos que sobrevivían coa publicación de novelas policiais e do oeste na editorial Bruguera. As súas actividades xiran ao redor da letra impresa como vía de transmisión do pensamento libre, que distribúen en folletos clandestinos coa sinatura do camarada Holmes. Son todos eles novas mostras de personaxes amantes da cultura e da palabra, opostos a aqueles personaxes correlixionarios da censura, que no seu conxunto ofrecen “o debuxo de personaxes defrontados cos que resulta doado empatizar e nos que apenas hai claroscuros, pois son prototípicos no modelado” (Requeixo 2014).

O transcórreo vital de Miguel marcado polas prohibicións e silencios teñen como fondo as folgas de mineiros en Asturias ou dos estudantes, así como está inserido nunha coidada ambientación lograda coa alusión a referentes culturais moi diversos, como xa acontecía en *Non hai noite tan longa*. De aí a mención ás cancións de Mamma’s and the Pappa’s ou de The Beatles; ás películas de *Psicose*, de Hitchcock e *Centauros do deserto*, de John Ford;

ás coleccións de literatura popular –*western* e novela negra, sobre todo, na versión dirixida ao público masculino e a novela rosa pensada en primeira instancia para as lectoras–; e aos libros e autores prohibidos como Sartre ou Camus (Pena Presas 2014: 108). Todo un brazado de información que para Antón Riveiro Coello (2014) resulta un tanto excesiva, aínda que xustifica coa suposta pretensión do vilalbé de dirixirse a un amplo lectorado:

É certo que ás veces, non sei se na procura dun público máis amplo, ou nesa teima tan minuciosa de non deixar fíos soltos, Agustín cae na trampa, do exceso de información, sobre todo para os que xa temos certa idade, pero talvez non estea de máis para os máis novos, que descoñecen a España franquista deses anos sesenta.

A cara máis agre do franquismo amósaselle a Miguel cando os pais, Leonardo e Celia, e o seu círculo de amigos máis próximos, formado por Euclides e a súa muller Luísa, son acusados de colaborar en actividades clandestinas como militantes do Partido Comunista Español, aos que se homenaxean nesta novela. É a primeira vez que Fernández Paz penetra nunha das obras orientadas á recuperación da memoria na loita antifranquista. Así alude aos mecanismos subterráneos de propaganda contra o Réxime e saen á luz a Radio Independente, a Brigada Político-Social, OJE (Organización Juvenil Española), TOP (Tribunal de Orden Público)... que configuran a paisaxe dos anos do inicio do “desarrollismo”. Uns anos dos que tan pouco se sabe, de aí que o autor decidise poñer en funcionamento o blog Gagarin co material textual e audiovisual máis interesante de todo o consultado<sup>9</sup> ofrecendo unha magnífica edición estendida.

Esta novela xeracional entretecida cos fíos da memoria tamén ilustra o proceso de formación de Miguel dende as Escolas Graduadas, nas que sobresaen polas súas excelencias académicas e é premiado por unha redacción sobre o cosmonauta Gagarin, polo que acabaría por recibir este sobrenome. Son estes uns retallos vivenciais do pequeno Miguel tomados dos anos de escola do neno Agustín, outrosí felicitado por unha redacción ilustrada sobre o pri-

---

<sup>9</sup> Entre o que destacou nunha entrevista ofrecida a Montse Dopico (2014) as seguintes obras: *El TOP. La represión de la libertad, 1963-1977* (2001), de Juan José del Águila; *La carta: Historia de un comisario franquista* (2010), de Antoni Batista e *O latexo da vida e da conciencia* (2012), de Rafael Pillado. No apartado final do volume, “A escritura, unha viaxe”, Fernández Paz amplía a citación das bases documentais, así como ten unhas palabras de agradecemento para aquelas persoas que o acompañaron na escrita de *A viaxe de Gagarin*.

meiro satélite artificial lanzado ao espazo pola Unión Soviética no ano 1957, como recordou en *O rastro que deixamos*.

Para a recreación dos anos mozos, Fernández Paz prestoulle a Miguel parte das súas experiencias de mocidade como a dos libros prohibidos, aínda que convenientemente transformadas (Gago 2014). Eses tempos do Instituto Masculino son de grande acritude para Miguel, quen se ten que enfrontar ao conservadurismo e vileza duns profesores que baten nel psicoloxicamente por non comungar coas súas ideas. Uns profesores que, como os inspectores da Social, se expresan en galego, o que resulta estraño, pero que Xesús Alonso Montero (2014) acepta porque “a narrativa galega, desde hai anos, asumiu, sistematicamente, esta ficción”.

Na etapa de estudante coñece o amor prohibido e verdadeiro de Francesca, a filla dun xuíz colaborador dos policía da Brigada Social. As barreiras de clase e ideoloxía obstaculizan este amor de tinturas shakesperianas, que fai pesar sobre a conciencia de Miguel o remorso de estar traizoando os pais. O destino acaba por separar estes dous mozos, mais Miguel queda eivado para sempre no terreo sentimental. Dende este amor Fernández Paz quixo falar do cotián e recoller a intrahistoria da represión, que se adoita ignorar cando se fala da memoria histórica:

Non quería contar grandes feitos senón a intrahistoria. Os seus pais e as amizades son militantes de base do PC, non son dirixentes do partido. Toda vida ten unha épica e calquera vida se atopa quen a conte e se se conta ben pode ser unha apaixonante novela. Son únicas, ninguén pode ter unha vida igual á outra e iso faina extraordinaria. Esta é unha novela xeracional e o que lle acontece a Miguel podíalle ter pasado a moita xente mais as vidas son únicas e en todas pasan grandes cousas como a descuberta do mundo, da amizade, a implicación nos ideais e as loitas... A aventura espacial é o pano de fondo (Vidal 2014).

No apartado “Final”, Miguel Mendiguren dálle cabo á recuperación dos seus anos de memoria familiar perdida encadrados entre o mes de abril de 1961 e o verán de 1969, ademais de ofrecer un rápido varrido pola súa vida posterior: o cambio de residencia a Bilbao, a universidade, a fuxida a Francia para evitar o servizo militar no Sáhara español, o casamento con Begoña, o nacemento de Mikel, a cómoda posición acadada na Caixa de Aforros de Bilbao... Un fugaz varrido vivencial que anoa aínda máis a diéxese de *A viaxe de Gagarin*, pois Miguel defíneos coas palabras do astronauta Buzz Aldrin cando vía, por vez primeira, a Lúa: “Unha espléndida desolación”.

Con “As confesións de Luísa e os segredos de Euclides”, datados en Bilbao, a 23 de xuño de 2011, pecha o percorrido existencial de Miguel, quen recorda o pasamento do pai no ano 1988 ou o de Euclides en 2005, así como a súa viaxe a Xixón para visitar a Luísa que, xunto súa nai, representa a participación da muller na loita política e na modernización do país. Luísa faíno depositario dunha especie de diario levado por Euclides durante a fuxida co pai, que contén o relato da súa loita e a doutros heroes nunca mencionados nos libros. Unha loita que, sen dúbida, se puido levar a cabo con mulleres como Luísa e Celia, que é a columna vertebral da familia de Miguel, dende o seu exercicio como ama de casa, libreira e militante, aínda que a dimensión externa do traballo sexa máis exteriorizada polos actores masculinos (Dopico 2014).

De camiño a Bilbao, lugar onde traballa e reside o seu fillo Mikel e a súa ex-muller, a Miguel magóalle o corazón unha mestura de impotencia e de pena por non aproveitar máis a fortuna de compartir parte da súa vida cunhas persoas tan firmes. Pouco a pouco, esta pena déixalle paso ao agradecemento e ao “Orgullo por vir de quen viña, por uns pais que me deixaran en herdo o exemplo da vida. Orgullo de merecer o cariño da parella excepcional que formaban Euclides e a súa dona” (Fernández Paz 2014: 270-271). El tampouco quere que todo isto se perda, polo que decide entregarlle todos os restos materiais deste naufraxio da historia ao seu fillo, ao que tamén desexa recuperar.

Nas dúas novelas comentadas, xa que logo, Fernández Paz camiña polos sendeiros da novela de suspense e de formación para recuperar a memoria da xente do común e dos militantes antifrancistas e, en definitiva, da súa propia xeración que chegou tarde a todo por mor da ditadura franquista. Estas revisitacións ao pasado por medio dunhas narracións de coidada arquitectura, delicioso discurso e inzadas de múltiples referencias á literatura, á música e ao cinema deixan ao descuberto, como quere o autor e os seus protagonistas, os efectos devastadores da represión, pero tamén abren xanelas cara á esperanza e a ilusión depositadas nas novas xeracións.

Eulalia Agrelo Costas

*Instituto de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela)*

## Referencias bibliográficas

- Agrelo Costas, Eulalia. 2014. “Agustín Fernández Paz. A Tribute to the Memory of the Broken Dreams”, en *The Representations of the Spanish Civil War in European Children’s Literature (1975–2008)* (eds. Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel). Frankfurt: Peter Lang Edition, pp. 35-52.
- Alonso Montero, Xesús. 2014. “Amor e comunismo”, en <http://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2014/06/Agustin-Alonso-Montero.pdf> [Consulta: 06/07/2015].
- Dopico, Montse. 13 xuño 2011. “Consentemento e resistencia”, en *Galicia Hoxe*, p. 29.
- 2012. “Hai unha vontade explícita de baleirar de contido o autogoberno e a cultura”, en <http://praza.gal/cultura/474/rhai-unha-vontade-explicita-de-baleirar-de-contido-o-autogoberno-e-a-culturar/> [Consulta: 06/05/2015].
- 2014. “Eu quería contar a intrahistoria da represión, máis que falar dos grandes feitos da memoria histórica”, en <http://montsedopico.com/entrevistas/eu-queria-contar-intrahistoria-da-represion-mais-que-falar-dos-grandes-feitos-da-memoria-historica/> [Consulta: 12/08/2015].
- Faginas, Sandra. 21 maio 2011. “Cando a ferida da memoria se desangra”, en *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 415, p. 13.
- Fernández Paz, Agustín. 2011. *Non hai noite tan longa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2014. *A viaxe de Gagarin*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Gago, Xosé. 2014. “Agustín Fernández Paz: ‘Escribimos cos fíos da vida’”, en <http://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2014/05/Rozas-Pontevedra.pdf> [Consulta: 12/06/2015].
- Genette, Gérard. 1982. *Palimpsestes*. Paris: Éditions du Seuil.
- Martínez, Iago. Inverno 2012. “Monteverde somos todas”, en *Tempos Novos*, “Protex-ta”, n.º 19, p. 10.
- Nicolás, Ramón. 2014. “Fascinante conquista dos espazos”, en <http://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2014/07/FdezPazNicolas.pdf> [Consulta: 12/08/2015].
- Oliveira, Vanesa. 2012. “As noites non son tan longas con Agustín”, en <https://rosomil.wordpress.com/2011/11/07/as-noites-non-son-tan-longas-con-agustin/#more-110> [Consulta: 12/08/2015].

- Paz González, Mario. Setembro 2011. “Conversa con Agustín Fernández Paz”, en *avozdevilalba.com*, n.º 40, pp. 8-11.
- Pena Presas, Montse. Segundo semestre 2014. “Medida perfección”, en *Grial*, n.º 202, pp. 107-108.
- Ramos, Alberto. 2014. “A viaxe de Gagarin’ forma parte dun axuste de contas cos sesenta”, en <http://praza.gal/cultura/7311/la-viaxe-de-gagarin-forma-parte-dun-axuste-de-contas-cos-sesentar/> [Consulta: 17/07/2015].
- Requeixo, Armando. 2 xuño 2011. “Tempos de ignominia”, en *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 375, p. VI.
- 2014. “A viaxe de Gagarin, espléndida desolación”, en <http://praza.gal/cultura/7640/a-viaxe-de-gagarin-esplendida-desolacion/> [Consulta: 12/05/2015].
- Riveiro Coello, Antón. 2014. “A viaxe de Gagarin, de Agustín Fernández Paz”, en <http://cafebarbantia.barbantia.es/?p=1263> [Consulta: 25/06/2015].
- Rodríguez Alonso, Manuel. 7 xuño 2011. “Trinta anos despois”, en <http://bouvard.blogaliza.org/2011/06/07/trinta-anos-despois/> [Consulta: 25/03/2013].
- Rozas, Ramón. 5 xuño 2011. “O retorno ao fogar: A volta a un mesmo”, en *Diario de Pontevedra*, p. 9.
- Varela, Lourdes. 29 xaneiro 2015. “A paixón por escribir non se me esgota; o que se esgota é o tempo”, en *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, p. V.
- Vidal, Carme. 2014. “Agustín Fernández Paz: ‘Calquera vida pode ser materia para unha novela apaixonante’”, en <http://blog.xerais.gal/2014/agustin-fernandez-paz-calquera-vida-pode-ser-materia-para-unha-novela-apaixonante-entrevista-de-carme-vidal/> [Consulta: 22/07/2015].